



CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Persoal do orzamento municipal en vigor para o ano 2021, para creación da nova praza de conserxe-limpador do colexio de educación infantil e primaria Veleiro Docampo sito en Castro Riberas de Lea.

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 20 de decembro de 2021, aprobou inicialmente a modificación do Anexo de Persoal do orzamento municipal en vigor para o ano 2021, para creación da nova praza de conserxe-limpador do colexio de educación infantil e primaria Veleiro Docampo sito en Castro Riberas de Lea. A modificación estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, (número 297, de 29 de decembro de 2021) por un prazo de quince días hábiles. Transcorrido sen reclamacións o período de información pública, queda elevado automaticamente a definitivo de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido xeito

CADRO DO PERSOAL. EXERCICIO 2021. POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACION	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.-HABILITACION DE CARACTER ESTATAL			
1.1. Secretaria	1	0	A1
1.2. Interventora (agrupada con Outeiro de Rei)	1	0	A1
2.-ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
2.1 Administrativos	1	(func. Interina)	C1
2.2 Auxiliares administrativos	2	0	C2
2.3 Alguacil- Portera	1	0	E
2.4 Auxiliar Biblioteca, arquivo e documentación Biblioteca	1	(func. Interina)	C2
2.5 Conserxe-Limpador	1	(func. Interino)	E (Lei 30/1984) e Agrupacións Profesionais (EBEP)
3.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
3.1 Técnico superior	1	(func. Interina)	A1

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Castro de Rei, 25 de xaneiro de 2022.- Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0147

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 7/2022

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de decembro do 2022

Aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data do 18 de xaneiro do 2022 o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2022, polo importe total de 11.702,01 € (dependencia) e 261,60 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 25 de xaneiro de 2022.- O Alcalde - Presidente da Corporación, Carlos López López

R. 0148

MEIRA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O EXERCICIO 2022

O orzamento xeral do Concello de Meira para o exercicio 2022 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de data 30 de decembro do 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 299, de data 31 de decembro do 2021.

Exposto ao público durante o prazo de quince (15) días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o orzamento xeral desta Entidade para o ano 2022, as bases para a súa execución e o cadro de persoal.

Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, procédese á publicación do Orzamento resumido por capítulos e do cadro de persoal.

ORZAMENTO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O EXERCICIO 2022

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Capítulos do Orzamento de Ingresos:

1	IMPOSTOS DIRECTOS	642.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	45.000,00
3	TAXAS E PREZOS PÚBLICOS	394.305,96
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	820.565,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.761,20
6	ALLEAMENTO INVERSIÓNS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	276.367,84
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		2.250.000,00

Capítulos do Orzamento de Gastos

1	GASTOS DE PERSOAL	712.616,34
2	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	1.040.597,92
3	GASTOS FINANCEIROS	3.914,61
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	86.300,00

6	INVERSIÓN REAIS	345.314,85
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	61.256,28
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		2.250.000,00

CADRO DE PERSOAL-EXERCICIO 2022

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
Denominación da praza	Grupo Subgrupo	Nº prazas	Nivel	Situación
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1.1 Secretaria-Interventora	A1	1	26	Vacante
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:				
2.1. Subescala Administrativa				
Administrativo de Administración Xeral	C1	1	22	Ocupada
2.2. Subescala Auxiliar				
Auxiliar Administrativo	C2	1	16	Vacante
B) PERSOAL LABORAL FIXO				
Denominación da praza	Nº postos	Carácter	Situación	
Operario de servizos múltiples	1	Fixo	Ocupada	
Traballadora Social	1	Fixo	Ocupada	
Encargada da Biblioteca Municipal	1	Fixo	Ocupada	
Limpadora de Dependencias municipais	1	Fixo	Ocupada	
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Situación	
SERVIZOS XERAIS				
OMIX	1	Temporal	Ocupada a tempo completo	
Limpeza de Dependencias municipais	3	Temporal	Ocupadas a tempo completo	
Operarios de Servizos Múltiples	3	Temporal	Ocupadas a tempo completo	
Persoal mantemento da EDAR	1	Temporal	Ocupada a tempo completo	
Peóns de servizos xerais (DEPUEMPREGO)	1	Temporal	Laboral temporal (12 meses)	
Peóns condutores (Extinción de incendios)	3	Temporal	Laboral temporal (3 meses)	
PROMOCIÓN TURÍSTICA				
Oficina de Turismo	1	Temporal	Ocupada a tempo completo	

EDUCACIÓN e DEPORTES			
Profesores da Escola Municipal de Música	6	Temporal	Ocupadas a tempo parcial
Socorrista	1	Temporal	Laboral temporal (2 meses)
FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL			
Peón APROL rural	1	Temporal	Ocupada a tempo parcial
Total funcionarios de carreira.....	3		
Total persoal laboral fixo.....	4		
Total persoal laboral temporal.....	21		
Total postos de traballo 2022.....	28		

Meira, 25 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0149

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA DECEMBRO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 27.12.2021 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de decembro de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 20.01.2022 ata o 21.03.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 29 de decembro de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 0150

PORTOMARÍN

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da "ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS". A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 9 de xullo de 2021 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 193 do 23 de agosto de 2021, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS DO CONCELLO DE PORTOMARIN.-

Artigo 1.-

Para todas as actividades exercidas neste termo municipal as cuotas mínimas das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, serán modificadas mediante a aplicación sobre as mesmas do coeficiente 0,8.

Artigo 2.-

O imposto sobre actividades económicas (IAE) rexerá neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.

c) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 3.-

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A solicitude a presentar por os interesados conterá a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude.
- Certificación catastral descritiva e gráfica do inmovible.
- Documentación sobre as licenzas municipais (primeira ocupación, apertura, etc....)
- Documentación de alta no imposto sobre actividades económicas.
- Documentación que xustifique a creación de emprego.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 09 de xullo de 2021, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarín, 25 de xaneiro de 2022.- O ALCALDE, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0151

RIBADEO

Anuncio

Aprobada inicialmente a relación dos propietarios e titulares de dereitos afectados polo procedemento de expropiación dos bens e dereitos cuxa ocupación se considera necesaria aos efectos da realización dun Aparcadoiro en Rinlo.

En cumprimento do disposto na Lei de Expropiación Forzosa, faise pública dita relación a fin de que, dentro do prazo do quince días seguintes ao de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo quen se estimen interesado no procedemento poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na relación que se fai pública e presentar, no seu caso, alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición daqueles.

Parcela n.º	Titular catastral	Titular rexistral	Domicilio	DNI/NIF	Rfa. Catast.	Superficie parcela	Superficie a ocupar
1	MARIA DEL CARMEN CASTOSA REGO	ALICIA REGO CORTON	RINLO RIBADEO (LUGO)	XX817XXXX	27051P001003170000SG Polígono 1 Parcela 317	3.520 M2 45 Castaños	TOTAL

O expediente obxecto desta información atópase depositado nas dependencias deste Concello, podéndose consultar na mesma (Secretaría Xeral) durante horario de oficina.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://ribadeo.sedelectronica.gal>].

Ribadeo, 18 de xaneiro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0106

Anuncio

Por acordo plenario de 30/11/2021 acordouse prestar aprobación inicial á modificación da **ORDENANZA T6 REGULADORA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Publicado anuncio no BOP de Lugo de 3 de decembro de 2021 outorgando prazo de 30 días para alegacións ou reclamacións non se formulou ningunha segundo consta en certificación estendida ao efectos no expediente, polo que procede a aprobación definitiva cuxo texto definitivo queda do seguinte xeito:

Ordenanza reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa.

ÍNDICE

- 1 **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**
- 2 **TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**
 - 2.1 ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN
 - 2.2 ARTIGO 2. DEFINICIÓN E TIPO DE INSTALACIÓN
 - 2.3 ARTIGO 3. NORMATIVA APLICABLE
 - 2.4 ARTIGO 4. COMPATIBILIDADE ENTRE O USO PÚBLICO E A UTILIZACIÓN PRIVADA DO ESPAZO PÚBLICO OCUPADO POR TERRAZAS
 - 2.5 ARTIGO 5. TÍTULO HABILITANTE
 - 2.6 ARTIGO 6. HORARIO DE FUNCIONAMENTO
- 3 **TÍTULO II. CONDICIÓNS DAS INSTALACIÓN**
 - 3.1 **CAPITULO 1º. CONDICIÓNS XERAIS**
 - 3.1.1 ARTIGO 7. LIMITACIÓN
 - 3.1.2 ARTIGO 8. SUPERFICIE AUTORIZADA
 - 3.1.3 ARTIGO 9. DELIMITACIÓN DA SUPERFICIE OCUPABLE
 - 3.1.4 ARTIGO 10. DESENVOLVEMENTO LONXITUDINAL

- 3.2 CAPÍTULO 2º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN BEIRARRÚAS DE RÚAS CON CIRCULACIÓN RODADA
- 3.2.1 ARTIGO 11. OCUPACIÓN DE BEIRARRÚAS
- 3.3 CAPITULO 3º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN ÁREAS PEONÍS, PRAZAS E ESPAZOS LIBRES
- 3.3.1 ARTIGO 12. EN RÚAS PEONÍS
- 3.3.2 ARTIGO 13. PRAZAS E OUTROS ESPAZOS LIBRES SIMILARES
- 3.3.3 ARTIGO 14. ZONAS DE SOPORTAIS
- 3.4 CAPÍTULO 4º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN ÁREAS ESPECÍFICAS
- 3.4.1 3.4.1 ARTIGO 15. AREAS ESPECÍFICAS E ORDENACIÓN SINGULARES
- 3.4.2 ARTIGO 16. LIMITACIÓN PARA A PROTECCIÓN DA PAISAXE URBANA, CONTORNOS MONUMENTAIS E AMBIENTAIS
- 3.5 CAPITULO 5º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS CON PECHE ESTABLE
- 3.5.1 ARTIGO 17. TERRAZAS CON PECHE ESTABLE
- 3.6 ORDENACIÓN TÉCNICA DE OCUPACIÓN DE TERRAZAS
- 3.6.1 MODALIDADE DE OCUPACIÓN DE MOBILIARIO
- 3.6.2 CONDICIÓN DO ESPAZO NO QUE SE PRETENDA SITUAR A TERRAZA
- 3.6.3 MODALIDADES DE OCUPACIÓN
- 3.6.4 OCUPACIÓN DE TERRAZAS EN PRAZAS DE APARCAMENTO PÚBLICO SOBRE TARIMA
- 3.7 CAPÍTULO 6º. CONDICIÓN E PRESCRICIÓN ADICIONAIS
- 3.7.1 ARTIGO 19. CONDICIÓN E PRESCRICIÓN ADICIONAIS
- 4 TÍTULO III. MOBILIARIO E DEMAIS ELEMENTOS AUXILIARES**
- 4.1 ARTIGO 20. CRITERIOS ESTÉTICOS. HOMOLOGACIÓN
- 4.2 ARTIGO 21. ANCORAXES
- 5 TÍTULO IV. RÉXIME XURÍDICO**
- 5.1 ARTIGO 22. SOMETEMENTO Á AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA
- 5.2 ARTIGO 23. NATUREZA DA AUTORIZACIÓN
- 5.3 ARTIGO 24. SOLICITANTE
- 5.4 ARTIGO 25. AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO
- 5.5 ARTIGO 26. PRAZOS DE SOLICITUDE
- 5.6 ARTIGO 27. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN
- 5.7 ARTIGO 28. RENOVACIÓN DAS AUTORIZACIÓN
- 5.8 ARTIGO 29. ÁMBITO TEMPORAL OU PERÍODO DE FUNCIONAMENTO DAS TERRAZAS
- 5.9 ARTIGO 30. VIXENCIA DAS AUTORIZACIÓN. RETIRADA DAS INSTALACIÓN
- 5.10 ARTIGO 31. SUSPENSIÓN, MODIFICACIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN
- 5.11 ARTIGO 32. MEDIDAS CORRECTORAS E REVOGACIÓN POR MOLESTIAS POR RUÍDO
- 5.12 ARTIGO 33. OBRIGACIÓN DO TITULAR DA INSTALACIÓN
- 5.13 ARTIGO 34. TAXAS
- 6 TÍTULO V. RÉXIME DE INSPECCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR**
- 6.1 ARTIGO 35. INSPECCIÓN E RÉXIME DE ACTUACIÓN
- 6.2 ARTIGO 36. RÉXIME SANCIONADOR
- 6.3 ARTIGO 37. SUXEITOS RESPONSABLES
- 6.4 ARTIGO 38. PROCEDEMENTO SANCIONADOR
- 6.5 ARTIGO 39. ÓRGANO COMPETENTE
- 6.6 ARTIGO 40. MEDIDAS CAUTELARES

- 6.7 ARTIGO 41. CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS CAUTELARES E DAS RESOLUCIÓNS DITADAS
- 6.8 ARTICULO 42. ALMACENAXE DE ELEMENTOS RETIRADOS
- 6.9 ARTIGO 43. INFRACCIÓNS
- 6.10 ARTIGO 44. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS
 - 6.10.1 INFRACCIÓNS LEVES
 - 6.10.2 INFRACCIÓNS GRAVES
 - 6.10.3 INFRACCIÓNS MOI GRAVES
- 6.11 ARTIGO 45. SANCIONIÓNS
- 6.12 ARTIGO 46. CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE
- 6.13 ARTIGO 47. PRESCRICIÓN
- 6.14 ARTIGO 48. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE. COMPATIBILIDADE
- 6.15 ARTIGO 49. RECLAMACIÓN DAS TAXAS
- 7 DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**
 - 7.1 PRIMEIRA
 - 7.2 SEGUNDA
- 8 TAXAS**

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente Ordenanza vén regular, dentro da esfera da competencia municipal, e ao amparo do establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 09/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia, a instalación de terrazas de hostalería no espazo de uso público de Ribadeo.

Con ela, téntase establecer un marco normativo, que fomenta o desenvolvemento da actividade hostaleira que redunda non só en beneficio do seu negocio, senón na mellora do espazo de lecer para todos os veciños e visitantes do noso Concello, así como na xeración en torno ao emprego, a economía e o turismo na localidade.

Pero ao mesmo tempo este aproveitamento debe realizarse dunha forma ordenada, polo que se fai necesario establecer a regulación e límites do seu exercicio co fin de garantir a protección dos dereitos dos cidadáns relativos ao uso dos espazos públicos, seguridade pública, tranquilidade, descanso e accesibilidade, así como a protección do medio ambiente e da paisaxe urbana.

Coa presente ordenanza preténdese instalar a compatibilidade entre o uso público e a utilización persoal, con prevalencia da utilización pública e do interese xeral en caso de conflito. A regulación é consciente e cautelosa ante posibles perturbacións do descanso veciñal, e tamén é consciente da necesidade de garantir o máximo respecto ao tránsito peonil en condicións de accesibilidade.

O Concello promoverá todo o que achegue a calidade ao espazo público, ao interese xeral e á paisaxe urbana, así como a instalación de elementos axardinados nas terrazas, para a consecución dun lugar máis acolledor tanto para os veciños como para as persoas que nos visiten.

Téñense en especial consideración as características propias da nosa vila e de cada un dos seus ámbitos. Préstase atención á diversidade de espazos, co fin de garantir a adecuada compatibilidade e integración da implantación de terrazas nunha determinada zona. Contéplase a posibilidade de establecer ordenacións singulares, que previa delimitación do ámbito zonal de ordenación, determinarán non só a superficie de ocupación e situación das instalacións, senón tamén os criterios funcionais e estéticos aos que deberán axustarse.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime técnico, estético e xurídico ao que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público e espazos privados de acceso libre e uso público, mediante a súa ocupación temporal con terrazas, anexas a establecementos hostaleiros e que constitúan un complemento da actividade que vén exercendo no interior dos devanditos locais.

Aqueles terreos de dominio público sobre os que recaia competencia doutras Administracións Públicas, sobre os que se pretendan situar as instalacións anteriormente referidas, suxeitaranse ás determinacións da presente Ordenanza, sen prexuízo das propias condicións que se impoñan polas devanditas administracións no ámbito das súas respectivas competencias.

ARTIGO 2. DEFINICIÓN E TIPO DE INSTALACIÓNS

1.- Para os efectos desta norma defínese como terraza a instalación formada por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, biombos, xardineiras ou outros elementos de mobiliario auxiliar, fixos ou móbiles e en todos os casos facilmente desmontables, situados en espazo exterior de uso público lindeiro ou próximo a un establecemento de hostalería, como zona vinculada á actividade que se exerce no devandito establecemento.

2.- Os aproveitamentos temporais que son obxecto da presente Ordenanza, suxeitaranse a algún dos seguintes tipos:

a) Terraza sen peche estable: Entendendo por tal, a terraza composta por elementos móbiles e desmontables e sen cuberta fixa ou estable. Inclúiranse nesta modalidade as instalacións que ademais contén con toldo enrollable á fachada.

b) Terraza con peche estable: Entendendo por tal, a terraza composta por elementos fixos e móbiles, pero, en todo caso, facilmente desmontables, pechada no seu perímetro, en todo ou en parte, e/ou cuberta.

ARTIGO 3. NORMATIVA APLICABLE

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, de protección do medio ambiente, ruídos, urbanística, de accesibilidade e supresión de barreiras, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións deberán ser xustificadas acompañando á solicitude de instalación de terraza en espazos de uso público.

ARTIGO 4. COMPATIBILIDADE ENTRE O USO PÚBLICO E A UTILIZACIÓN PRIVADA DO ESPAZO PÚBLICO OCUPADO POR TERRAZAS

A instalación de terrazas nos espazos de uso público é un uso común especial, e a súa autorización deberá atender a criterios de compatibilidade do uso público coa utilización persoal, debendo prevalecer nos casos de conflito o uso público do devandito espazo e o interese xeral.

Para tal efecto, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- a) Preferencia do uso común xeneral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as terrazas non mingüen a accesibilidade de todos os cidadáns aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.
- b) Garantía da seguridade viaria.
- c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial contra a contaminación acústica.
- d) Preservación da arboleda e vexetación da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.
- e) Protección do uso e dos dereitos e intereses dos usuarios dos edificios lindeiros.
- f) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de emerxencia.

ARTIGO 5. TÍTULO HABILITANTE

- a) A instalación de terrazas require a presentación e obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta Ordenanza.
- b) Estas instalacións temporais poderán autorizarse a todos os establecementos de hostalería.
- c) Con todo ao establecido no apartado anterior, en cada caso estudaranse os condicionantes particulares de cada establecemento así como a afección á contorna en que se atopa situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter ambiental.

ARTIGO 6. HORARIO DE FUNCIONAMENTO

1.- O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

- a) O horario de inicio: con carácter xeral será ás 8:00 horas.

No caso de áreas peonís cun horario habilitado para a realización de labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación virá limitado pola finalización do horario establecido para as devanditas labores, no seu caso.

- b) O horario de peche será:

-Durante os meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, o horario de peche será á 1.30 h de domingo a xoves e os venres, sábados e vésperas de festivos, coincidente co horario que figure na concesión da licenza.

-Durante o resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, de domingo a xoves ás 11:30 horas e os venres, sábados e vésperas de festivo ás 2.30 horas.

2.- Con todo ao preceptuado no apartado anterior, a autoridade municipal poderá reducir o horario xeral atendendo ás circunstancias de índole sociolóxica, ambiental ou urbanística que puidesen concorrer en cada caso concreto, ou cando se comprobase a transmisión de rúidos que orixinen molestias aos veciños.

Neste caso, a limitación de horario deberá reflectirse na autorización como unha condición esencial sen a cal esta non sería concedida, podendo establecerse ou modificarse con posterioridade mediante resolución motivada.

3.- Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante Resolución ou Acordo do órgano municipal competente, dentro das marxes que lle concede a lexislación vixente. Así mesmo, poderán realizarse, mediante bando, modificacións temporais do horario por datas concretas de interese da cidade, época de festas, etc.

TITULO II. CONDICIÓNS DAS INSTALACIÓNS

CAPITULO 1º. CONDICIÓNS XERAIS

ARTIGO 7. LIMITACIÓNS

A autoridade municipal competente poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Que supoña prexuízo para a seguridade viaria.
- Que por particulares características físicas ou por razón do nivel ou intensidade do tránsito peonil, poida resultar inconveniente desde o punto de vista da seguridade das persoas, da súa mobilidade e accesibilidade.
- Que poida incidir sobre a seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Que dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de emerxencia, tales como bombeiros, ambulancias, etc.
- Que supoñan deterioración do medio urbano ou resulten inadecuadas ou discordantes co seu contorno.
- Que impida ou dificulte gravemente o uso de servizos, equipamentos e/ou mobiliarios urbanos.
- Calquera outra circunstancia similar de interese público.

ARTIGO 8. SUPERFICIE AUTORIZADA

A superficie máxima autorizada conformarase polo perímetro exterior total do conxunto de todos os elementos a instalar dispostos para prestación de servizo, quedando así mesmo delimitada no plano detalle.

ARTIGO 9. DELIMITACIÓN DA SUPERFICIE OCUPABLE

1.- O Concello, se o considera necesario por razóns de facilitar o tráfico peonil, de seguridade, ou meramente estético, poderá requirir ao titular para establecer á súa costa un sistema de sinalización da superficie máxima de ocupación autorizada.

2.- Devandito sistema nunca poderá supoñer risco para os peóns, nin dano ou alteración no espazo público, debendo cumprir coa normativa en materia de accesibilidade.

ARTIGO 10. DESENVOLVEMENTO LONXITUDINAL

O desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas as súas proteccións laterais no seu caso, non desbordará a fronte de fachada do local soporte da actividade principal.

Excepcionalmente, a xuízo dos servizos técnicos, poderase permitir que as instalacións pasen devandita fronte, a condición de que se cumpran os seguintes requisitos:

- Cando o desenvolvemento lonxitudinal teña lugar xunto á fachada, deberase achegar documento que acredite a conformidade das persoas titulares dos dereitos dos locais ou leiras lindeiros. A acreditación incluírá a manifestación do outorgamento do permiso explícito, expreso e non condicionado, por toda a duración da tempada en que pretenda instalarse a terraza.
- No caso de instalacións dispostas xunto ao bordo da beirarrúa e cando existan varios establecementos que opten á instalación de terraza, o espazo repartirase, se procede, de forma proporcional á lonxitude das fachadas dos respectivos establecementos; ou se realizará mediante poxa coas prescricións e prezos recolleitos na ordenanza fiscal.
- En rúas peonís, cando o desenvolvemento lonxitudinal das terrazas discorra polo eixo da vía e existan establecementos hostaleiros enfrontados, o espazo repartirase de forma proporcional á lonxitude das fachadas dos establecementos.

CAPÍTULO 2º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN BEIRARRÚAS DE RÚAS CON CIRCULACIÓN RODADA

ARTIGO 11. OCUPACIÓN DE BEIRARRÚAS

1.- A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total da mesma, garantíndose sempre un itinerario peonil libre mínimo de 1,50 metros.

Con todo ao establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser ampliado a 1,80 metros ou superior, a xuízo dos servizos técnicos, cando o requira a intensidade habitual ou puntual do tránsito de viandantes, ou por outras circunstancias que así o aconsellen.

2.- A instalación deberá situarse xunto á fachada do establecemento, preferentemente, debendo quedar delimitada mediante elementos de protección (de carácter móbil e desmontable), que permitan identificar o obstáculo a persoas invidentes. Non poden exceder os 20 metros a terraza do local, dende a porta de acceso, no que se desenvolve a actividade, e sen ter que cruzar unha vía para poder dar servizo a terraza.

Naqueles supostos en que coincida con prazas de aparcamento, ou cando así resulte necesario para a seguridade dos viandantes e o tráfico en xeral, a instalación deberá contar, ademais, con elementos de protección que poidan proporcionar a debida seguridade a criterio dos servizos técnicos.

3.- Poderán autorizarse disposicións distintas cando o solicite o interesado e/ou existan razóns especiais que así o aconsellen, as cales deberán ser valoradas, en cada caso polos servizos técnicos. Nestes casos só se autorizará a instalación, cando poida situarse a curta distancia do establecemento principal do que dependa, exista un fácil tránsito entre a mesma e o local e a súa dependencia deste último resulte facilmente recoñecible por calquera usuario da instalación.

4.- Cando existan espazos axardinados lonxitudinais formando parte da beirarrúa, a anchura sinalada no apartado 2 do presente artigo, referirase á zona libre destinada a tránsito peonil.

CAPÍTULO 3º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN ÁREAS PEONÍS, PRAZAS E ESPAZOS LIBRES

ARTIGO 12. EN RÚAS PEONÍS

1.- Para os efectos de aplicación da presente Ordenanza, terán a consideración de rúas peonís aquelas que se atopen total ou parcialmente, desde o punto de vista horario ou temporal, pechadas á circulación de vehículos e áchense así sinalizadas, con independencia da súa configuración física.

2.- Con carácter xeral, nas rúas peonís, as solicitudes de terraza resolveranse segundo as peculiaridades de cada caso en concreto, atendendo ás circunstancias particulares de cada espazo, ao ancho e demais características da rúa, e dispoñeranse de maneira que exista un itinerario peonil mínimo, libre de obstáculos, de tres (3,00) metros, de forma que se permita o paso de vehículos de emerxencias e outros vehículos autorizados. Non poden exceder os 20 metros a terraza do local, dende a porta de acceso, no que se desenvolve a actividade, e sen ter que cruzar unha vía para poder dar servizo a terraza.

ARTIGO 13. PRAZAS E OUTROS ESPAZOS LIBRES SIMILARES

As solicitudes de autorización para a instalación de terrazas nestes espazos resolveranse pola administración municipal segundo singularidades da zona e conforme ás seguintes limitacións xerais:

- A instalación de terrazas en prazas, queda subordinada ao uso público das mesmas, para o que se reservará, polo menos, o 50 % da mesma para uso público distinto ao de terraza.
- En caso de rúa peonil, poderase colocar terraza na beirarrúa ou espazo oposto o local, cando ese fronte so é dun espazo público e non existe edificación no fronte en que se solicita a instalación da terraza.
- A superficie de ocupación total establecerase, en cada caso, atendendo ao uso principal a que estea destinada a praza, así como a súa xeometría e características concretas. En todo caso, sempre se garantirá a existencia dun itinerario peonil libre de obstáculos cunha anchura mínima de 2,50 metros en cada aliñación de fachada e/ou un central segundo as condicións do mobiliario urbano existente.
- En caso de pretenderse a instalación de terrazas exentas (non encostadas á fachada), e existindo varias solicitudes de ocupación, ante a falta de acordo entre os solicitantes a administración municipal atribuirá a cada un deles en proporción aos metros de fachada que dean fronte ao espazo público.

ARTIGO 14. ZONAS DE SOPORTAIS

Permítese a instalación de terrazas no interior dos soportais sempre que se garanta a existencia de itinerarios peonís accesibles coas condicións que respecto diso se establezan polos servizos técnicos e en todo caso, garantindo un itinerario peonil libre mínimo de 1,50 metros, considerándose como anchura total do soportal a existente desde a fachada á cara interior dos alicerces.

En ningún caso poderase pechar o itinerario con biombos ou mobiliario similar, co obxecto de respectar o dereito de paso que asiste a calquera cidadán.

Con carácter xeral, nas zonas que teñan instaladas terrazas con peche estable, non estará permitida a ocupación dos soportais.

CAPÍTULO 4º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN ÁREAS ESPECÍFICAS

3.4.1 ARTIGO 15. AREAS ESPECÍFICAS E ORDENACIÓN SINGULARES

1.- As solicitudes de autorización para a instalación de terrazas en rúas peonís, prazas, zonas de soportais, en monumentos ou edificios singulares e zonas de interese histórico-turístico ou outros contornos de especial interese, poderán ser obxecto de tratamento específico e estudarase de forma global, con atención ás singularidades do lugar, e resolverase pola administración municipal tendo en conta as características e a morfoloxía de cada un dos espazos, impacto visual, fluxos de persoas e vehículos, permisibilidade para o acceso de servizos públicos e uso principal a que estea destinado.

Nestes casos, as solicitudes para novas instalacións ou as renovacións correspondentes, serán resoltas conxuntamente, podendo mesmo acumularse e tramitarse nun único procedemento, sen prexuízo de que a resolución se notifique a cada interesado e de que cada unha documéntese individualmente, establecéndose no seu caso as condicións ou limitacións que procedan.

2.- Cando a características da área peonil, con trazados irregulares e estreitos, impidan a instalación de terrazas conforme ás condicións xerais indicadas no capítulo anterior, o órgano competente, previa valoración dos servizos técnicos, poderá resolver a situación, superficie a ocupar e demais condicións de instalación conforme ás circunstancias dos devanditos espazos, que incluírá en todo caso o preceptivo informe de policía local sobre o acceso de vehículos de emerxencia ou autorizados. A configuración e os elementos da terraza, deben permitir en calquera caso a súa rápida retirada da vía pública.

3.- Nestas áreas específicas poderán establecerse ordenacións singulares, as cales deberán ser aprobadas polo órgano municipal competente, nas que se poderá delimitar, ademais do ámbito zonal da devandita ordenación, a superficie susceptible de ocupación, disposición das instalacións, criterios de homoxeneización dos elementos das terrazas, así como os criterios funcionais e estéticos aos que deberán axustarse.

Os titulares dos establecementos hostaleiros radicados nunha determinada área específica, poderán elaborar unha proposta global de ordenación para todos eles, que en todo caso deberán ser aprobados pola Administración municipal.

ARTIGO 16. LIMITACIÓNS PARA A PROTECCIÓN DA PAISAXE URBANA, CONTORNOS MONUMENTAIS E AMBIENTAIS

1.- Non se autorizará a instalación de terraza cando esta poida menoscabar a contemplación e gozo de espazos públicos, monumentos ou edificios singulares ou das súas características específicas e relevantes, mesmo, aínda que non contén con protección especial en virtude da lexislación de patrimonio histórico, ambiental ou urbanístico.

2.- Cando a instalación da terraza, aínda afectando os espazos e edificios descritos no apartado anterior e, en especial, aos edificios ou espazos protexidos, resulte autorizable, a autoridade competente poderá establecer na autorización as limitacións pertinentes para que a instalación non comporte un detrimento dos valores estéticos, paisaxísticos e ambientais que en cada caso haxa que preservar e poderá establecer limitacións específicas relativas á superficie susceptible de ocupación, determinar a disposición da instalación ou o tipo e características de mobiliario ou elementos auxiliares.

3.- Poderá esixirse a instalación de pavimentos flotantes especiais cando resulte conveniente outorgar unha protección especial ao pavimento da vía pública en atención ás súas características ou situación.

CAPÍTULO 5º. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS CON PECHE ESTABLE

ARTIGO 17. TERRAZAS CON PECHE ESTABLE

1.- Este tipo de instalación non é autorizable.

ORDENACIÓN TÉCNICA DE OCUPACIÓN DE TERRAZAS

MODALIDADE DE OCUPACIÓN DE MOBILIARIO

Os elementos de mobiliario urbano que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:

1.- Non poderán colocarse en chan de titularidade e uso público mobiliario elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na autorización.

2.- O módulo tipo está constituído por unha mesa de ancho 0,7 metros e alto ata 0,8 metros, e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 1,60 x 1,60 metros.

3.- Autorizaranse tamén os seguintes módulos:

a) Unha mesa de ancho mínimo de 0,7 metros e dúas cadeiras de 1,60 x 0,80 metros, que pode reducirse a 1,60 x 0,60 cando a estrutura do espazo aconsélleo sempre que se deixe libre o paso mínimo para peóns de 2,5 metros.


- b) Un módulo de 1,20 x 1,80 cunha mesa rectangular co lado máis curto de 0,7 metros e catro cadeiras, con dúas cadeiras a cada lado longo da mesa.
- c) Unha mesa alta a partir de 1,2 metros, con catro taburetes, de 1,20 x 1,20 metros cadrados. Poderá substituírse a mesa alta por un barril tradicional ou bocoi de madeira e aros de forxa.
- d) Unha mesa alta de 1,2 metros de altura con dous taburetes, de 1,20 x 0,60.
- e) Unha mesa alta de 1,2 metros de altura con catro taburetes, inscrita nun rectángulo de 1,20x 1,20 metros.

O mobiliario terá que ser sen publicidade, composto por madeira tratada en cor natural.

A estrutura sobre a que se aparafusa a madeira debe de ser metálica e de cor branca. O respaldo e a zona de sentar das cadeiras, así como os taburetes, ten que ser de madeira tratada. Estas características son de aplicación en toda a zona delimitada do PEPRICH (Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico).

O período de adaptación do mobiliario para as terrazas existentes será ata o ano 2023.

DISPOSICION DE MESAS E CADEIRAS



4.- As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o fácil acceso a todas as mesas e cadeiras, para o que se establecerá un corredor intermedio que permitirá o acceso dos camareiros ás mesas. Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0,50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

5.- Con estes módulos obtense a capacidade e aforo permitida para cada terraza, non podendo incorporarse na terraza máis mobiliario do interior do local incrementando ou alterando a distribución sen comunicación previa.

6.- No ámbito do Conxunto Histórico de Ribadeo instalaranse os toldos de acordo co previsto na normativa do PEPRICH.

Fóra do ámbito do Conxunto Histórico de Ribadeo os toldos serán de material téxtil, lisos e de cores acordes coa contorna urbana, sen destacar, sen publicidade e terán sempre posibilidade de ser recollidos mediante fácil manobra. Queda prohibido o cerramento das superficies verticais do seu perímetro.

7.- Admítase a colocación do nome do establecemento e do seu logotipo sobre as saias do toldo, sempre que o toldo teña autorización para a súa colocación, sen máis publicidade que o nome do local.

8.- Cando se dispoña de instalación eléctrica de iluminación para a terraza, esta deberá reunir as condicións que o Regulamento electrotécnico de baixa tensión establece para instalacións en locais mollados. Os condutos quedarán fóra do alcance de calquera persoa e non poderán discorrer polas beirarrúas nin utilizar as árbores ou o mobiliario urbano como soporte, debendo de ir soterrados. En ningún caso os focos poderán cegar ou producir outras molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade e a instalación e características das luminarias terá que vir descrito na solicitude, para proceder a valoración da colocación dos mesmos.

9.- Queda prohibida a instalación de máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolines ou calquera outra de características análogas. Tampouco se instalarán barras fixas na fachada dos establecementos, nin mobiliario para provisión de material para servir nas terrazas.

10.- A utilización dos servizos públicos non se verá obstaculizada, debendo deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fose preciso, os seguintes elementos:

- a) As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude.
- b) As pasaxes de vehículos quedarán libres en todo o seu ancho.
- c) As saídas de emerxencia en todo o seu ancho.
- d) Respectarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de iluminación que garanta a súa función e que permita os labores de mantemento.

